OPCIÓN A)

I. ORIENTACIÓN

Exercicio 1

Durante a intervención didáctica da Unidade de Orientación un/unha alumno/a atopa un artigo sobre o estudo do mercado de traballo no que aparecen os seguintes titulares: «Os traballadores poderían verse obrigados a aceptar empregos de menor calidade como consecuencia da desaceleración económica.

Segundo o informe da OIT "Perspectivas sociais e do emprego no mundo: Tendencias 2023", o insuficiente aumento do emprego a escala mundial e a dificultade para fomentar o emprego decente poden pór en risco a xustiza social [...]

A situación de estanflación pon en risco a produtividade e a recuperación do mercado de traballo[...]».

Fonte: https://www.ilo.org/global/about-the-ilo/newsroom/news/WCMS_865260/lang--es/index.htm

Resolva as seguintes cuestións expostas polo devandito alumno/a en relación ao lido e á análise do mercado de traballo:

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,60	Que é a estanflación, o desemprego Keynesiano, a taxa natural de desemprego e a diferenza entre desemprego friccional e desemprego en espera?
2	0,30	Explique ao devandito alumno/a cal é a taxa natural de desemprego se a curva de Phillips dunha economía está dada por $\pi t=\pi te+0,2-5un$. Tanto a inflación (πt) como a inflación esperada (πte) ten un valor de 0.
3	0,30	Explique ao alumno/a cal é a taxa natural de desemprego da poboación estudantil tendo en conta as seguintes variables: que nun ano búscase traballo parcial, que, de media, tárdanse 4 semanas en atopalo e que o traballo medio dura 12 semanas.
4	0,30	Represente a taxa natural de equilibrio de desemprego mediante unha gráfica e explique a dita gráfica.

II. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Exercicio 1

Supóñase que unha fonte de luz ten unha intensidade luminosa de 300 candeas nunha determinada dirección e a unha distancia dun metro e medio. A persoa traballadora desenvolve a súa actividade nunha oficina próxima a un almacén ao que accede a través dun corredor.

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,30	Sinale o nivel de iluminación que producirá a fonte de luz no plano horizontal se está situada a unha altura de 5 metros.
2	0,20	Valore se cumpre a normativa tratándose dunha zona de paso de uso habitual.
3	0,30	No seu caso, sinale a intensidade luminosa que habería que utilizar.
4	0,20	Indique os niveis de iluminación axeitados aos ambientes citados no enunciado (oficina, almacén e corredor).

Exercicio 2

Nunha empresa de 750 persoas traballadoras cos seguintes datos durante o ano 2022 producíronse 63 accidentes dos cales:

- 50 foron con baixa médica.
- 4 foron sen baixa médica.
- 9 foron *in itinere* con baixa médica.

As xornadas perdidas polos accidentes laborais foron en total de 1.800 días completos. Os días hábiles na empresa foron 217. O 80% do persoal ten unha xornada diaria ordinaria de 8 horas e o 20 % restante fai unha xornada diaria ordinaria de 4 horas. Os traballadores da empresa realizaron un total de 16.000 horas extra. Entre enfermidades e permisos perdéronse en total 20.000 xornadas de traballo de 8 horas.

Debido a esta situación a empresa quere colocar un sinal de prohibido a circulación de peóns nunha zona perigosa e cómpre que sexa visible a unha distancia de 18,5 metros.

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,20	Calcule o índice de incidencia na empresa en 2022.
2	0,25	Calcule o índice de frecuencia na empresa en 2022.
3	0,20	Calcule o índice de gravidade na empresa en 2022 .
4	0,20	Calcule o índice de duración media das baixas por accidente na empresa en 2022.
5	0,40	Calcule o diámetro mínimo do sinal para que sexa visible a 18,5 metros.
6	0,25	Calcule a superficie mínima do sinal que debe estar pintada de cor vermella.

III. DEREITO DO TRABALLO

Exercicio 1

Pedro é traballador da empresa FOL, S.L. no centro de traballo de Pontevedra desde o 8 de marzo do 2002. Debido a motivos técnicos e organizativos debidamente xustificados a empresa comunícalle que debe trasladarse de maneira permanente ao centro de traballo de Madrid. Pedro non recorre xudicialmente a decisión empresarial, pero decide non aceptar o devandito traslado e extinguir a súa relación laboral con data 22 de xuño de 2023.

Dispóñense dos seguintes datos:

- Ten un contrato indefinido con grupo de cotización 4.
- Está casado, situación familiar 3, con 2 menores a cargo nados en 2015 e 2017. Presúmese unha retribución global anual de 41.690 euros
- Durante o ano 2023 gozou de 4 días de vacacións. No ano natural, segundo convenio colectivo, ten dereito a 32 días naturais de vacacións.
- Ten dereito a dúas pagas extraordinarias de 2.235 euros cada unha, que se cobran en xuño e decembro respectivamente e unha terceira paga extra de 1.400 euros que se cobra en marzo (as tres pagas teñen unha devindicación anual e abóanse o último día do mes que toca percibilas).

- As súas percepcións salariais son as seguintes:
  - Salario base: 1.920 euros mensuais.
  - Salario en especie: vehículo propiedade da empresa cuxo custo foi de 28.500 euros.
  - Antigüidade: 315 euros mensuais.
  - Plus de responsabilidade: 275 euros mensuais.
- Amais, durante o mes de xuño de 2023 percibe as seguintes cantidades:
  - Horas extra ordinarias: 5 horas a 15 euros a hora.
  - Horas extra de forza maior: 3 horas a 18 euros a hora.
  - Dietas con pernoita por catro días de reunións en Lugo: 80 euros por día.
  - Quilometraxe polo desprazamento a Lugo: 330 quilómetros en total a 25 céntimos o quilómetro.

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,75	Calcule o tipo de retención ao que lle corresponde tributar.
2	0,75	Calcule o líquido a percibir polos 22 días traballados en xuño.
3	0,50	Calcule o líquido a percibir que corresponda por vacacións non gozadas e pagas extraordinarias.
4	0,50	Calcule o líquido a percibir de indemnización por extinción do contrato, se procede.

IV. SEGURIDADE SOCIAL

Xoan Mestre (solteiro e sen descendencia, de nacionalidade española e residente en Ferrol) levará traballando ininterrompidamente 745 días a xornada completa o 30 de xuño de 2023. Nesta data extinguirase o seu contrato de traballo por xubilación do empresario xa que a familia non continuará coa actividade.

Xoan observa que o comercio é viable e está a pensar en seguir el co negocio dándose de alta no réxime de autónomos. Axude a Xoan a responder as súas dúbidas nesta aventura de emprender.

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,80	Indique se ten dereito a cobrar a prestación por desemprego se se vai dar de alta como autónomo. Explique as opcións que tería e cal sería, no seu caso, o importe da prestación.
2	0,45	Indique como se determina a cota a pagar á Seguridade Social no réxime de autónomos.
3	0,25	Indique se no primeiro ano cotizando no réxime de autónomos tería dereito a algún tipo de bonificación nas cotas á seguridade social e o importe da cota.

V. ECONOMÍA E EMPRESA

Exercicio 1

Unha empresa desexa vender as seguintes unidades de produto:

- Produto A: 8.000 unidades a un prezo unitario de 45 euros sendo o seu custo variable unitario de 25 euros.
- Produto B: 4.000 unidades a un prezo unitario de 70 euros sendo o seu custo unitario de 37 euros.
- Produto C: 3.000 unidades a un prezo unitario de 60 euros sendo o seu custo variable unitario 39 euros.

Os custos fixos da empresa son: salarios 8.000 euros, alugueiros 2.700 euros, e outros custos fixos de 1.100 euros.

Nº	Puntos	Pregunta
1	1,00	Calcule o limiar de rendibilidade en unidades físicas e monetarias de cada un dos produtos e o limiar de rendibilidade total en unidades monetarias. Cómpre incluír todas as operacións necesarias para a obtención dos resultados.

Exercicio 2

Adquírese mediante arrendamento financeiro unha fotocopiadora durante 24 meses. O prezo de custo da mesma é de 6.000 euros, o valor da opción de compra é de 1.500 euros, o cal se deberá confirmar no momento de finalización do arrendamento. Establécese o interese nominal dun 9% anual e as cotas serán semestrais. A primeira cota non incorpora cargos financeiros.

Nº	Puntos	Pregunta
1	1,00	Elabore o cadro de amortización correspondente a este arrendamento financeiro.